recolleron e que tamén aportaron as familias froito de saídas cos seus fillos e fillas por distintas paisaxes pasaron a formar parte duns fondos que permitiron seguir traballando con eles nas aulas. Neste mesmo tempo iniciamos a recollida de tapas de botellas de plástico e envases de bebibles lácteos para elaborar con eles unha escultura co fin de tomar conciencia acerca do lixo que xeneramos e de recuperación destes dun xeito artístico.

Sendo un centro escolar tan preto do casco antigo da cidade de Compostela engadimos ao noso proxecto a paisaxe urbana e organizamos un roteiro matemático. O obxectivo deste roteiro foi "descobrir a xeometría en tres dimensións como parte fundamental do espazo no que desenvolvemos a nosa actividade cotiá (aula, recinto escolar, cidade)"

No nadal o piñeiro elaborado con materiais da contorna completouse cunha exposición sobre xoguetes elaborados nas aulas con material de refugallo co fin de provocar unha reflexión sobre o consumismo propio desas datas e para descubrir que o máis importante é ter con quen xogar e non tanto con que xogar.

No segundo trimestre as accións centráronse nas aulas creando instalacións en pequeno grupo ou parella buscando a interacción cos materiais aportados no primeiro trimestre. Incluíronse tamén as tapas e botes de plástico para contrastar "paisaxes creados con elementos naturais" con "paisaxes creados con elementos de desfeito".

Aportamos os caixóns de area, como soporte discontinuo, que permiten experimentar cos materiais dun xeito diferente aos soportes continuos.

Na culminación do proxecto e no terceiro trimestre realizamos unha instalación de Land Art onde participaron un total de 375 nenas e nenos. Nesta ocasión foi fundamental a colaboración das familias aportando materiais naturais propios da primavera e que, as abundantes choivas, impediron que os recolléramos nós. Previo ao día grande nas aulas houbo un traballo de visionado da obra de Richard Shilling e Andy Goldsworthy, os artistas Land Art que nos serven de referencia, revisamos os vídeos que recollían a instalación realizada no curso anterior, as fotografías que plasmaban as creacións realizadas por eles mesmos na anterior ocasión e realizamos os bocetos do que lles gustaría crear no exterior.

METEOESCOLAS

A CASETA DOS METEORÓLOGOS

Manuel Bello. Coordinador do Proxecto

CICLOXÉNESE EXPLOSIVA

(datos recollidos polo alumnado)

	PLUVIÓMETRO (l/m²)	ANEMÓMETRO	BARÓMETRO
Mes de febreiro	10,6	107,5	997,6
(04/02/14) "Petra"	42	178	988
(6/02/14) "Qmaira"	27'2	156	987
(8,9/02/14) "Ruth" "Stephanie"	64'8	427	968
(15/02/14) "Ulla"	33'8	243	989

A escola é un espazo privilexiado para o estudo, o desenvolvemento do coñecemento e a vivenza de experiencias en contacto coa natureza, donde a área de Coñecemento do Medio proporciona una boa parte de centros de interese que espertan o entusiasmo e a curiosidade dos alumnos.

O clima forma parte da programación da área, así como o estudo dos seus elementos (temperatura, precipitacións, presión atmósferica, etc.) e os fenómenos meteorolóxicos que dan lugar na atmósfera (ciclóns, xeada, néboa, treboada, arco da vella, etc.)

Este inverno, os alumnos e alumnas do colexio puideron asistir á observación directa de fenómenos meteorolóxicos extraordinariamente virulentos, con fortes ventos e precipitacións moi abundantes durante a primeira quincena de febreiro. Son as denominadas "cicloxéneses explosivas", temporais producidos polo paso de borrascas moi profundas, que este ano foron especialmente frecuentes polo curto periodo en que se sucedían, pola forza dos seus ventos e con ondas mariñas superiores a 12 m de altura que ocasionaron grandes estragos nas zonas costeiras.

Esta experiencia serviulle ao alumnado para entender mellor a utilidade dos aparellos de medición, o seu funcionamento e a interpretar as variables medidas. Comprobaron, compararon e estudaron as medicións pudendo observar que todos os parámetros e valores medidos eran excepcionalmente distintos aos que tiñan recollidos da estación meteorolóxica do colexio ata o momento. Eran as testemuñas que ían deixando os temporais denominados "Petra", "Qmaira", "Ruth", "Stephanie" e "Ulla", cerrando un ciclo que comezara en outubro co denominado "Christian".